

A FUXIDA

CRISTINA REY



BAÍA EDICIÓN S

** 07:00 **

Acordou cedo por mor da claridade da mañanciña que se coaba, grácil, a través das lamas das persianas venecianas. Botou unha ollada ao cuarto para se afacer á contorna. Os raios de luz refulxían no espello da parede; no verniz que saíentaba a nobreza da madeira natural dos mobles; na fina porcelana bavaresa dos floreiros, engalanados con ramas secas de bidueiro; na lámpada de cânabo que penduraba do teito. Canto alí había zumegaba elegancia e fermosura. Percibiu, asemade, ese olor tan característico que desprenden os lugares nos que abunda a calidade e a bonanza. Unha mestura de limpeza e fragancias caras, das que permanecen na roupa após secar e ter pasado o ferro, nada que ver coas barateiras, que xa non olen no tendal. Era o recendo da limpeza e pulcritude, sen contaminar pola humidade, pola condensación, ou polo cheiro a frito, a tinguiduras para o cabelo, a cera de depilar.

Esquecera correr as cortinas antes de se deitar, mais tanto tiña, se non fose a claridade habíaa espertar calquera outro ruído. Aínda que alí os ruídos eran mainos e escasos. Afastados quedaban o bramar das motos, os cans a ladrar

na rúa, os nenos a brincar nas prazas, as rifas da veciñanza. Secasí, abondaría un murmurio para lle interromper o sono. A verdadeira causa de desvelo, sabía con certeza, era a ansia. O grande anhelos que sentía aquela mañá de xullo que auguraba calorosa en graos e emocións.

Fregou os ollos procurando alixeirar o peso das pálpbras. Pestanexou deseguido até que se afixo á claridade. Espreguizouse un chisco, estarricando as pernas e os brazos, sen chegar a erguerse da cama. Bocexou un par de veces, timidamente, case reprimindo os bocexos, coma se entre sabas de algodón exipcio de 400 fíos non fose procedente bocexar. Desactivou a alarma do móbil para que non a amolase de alí a dúas horas. Non atura o sons do espertador, nin os estridentes, que espertan até os mortos, nin tan sequera aqueles que procuran ser apracibles emulando cantos de paxaros, de vagalumes, ou de fervenzas de auga corrente. Programáara a véspera á noite para as 09:00, por precaución mais sabendo que non ía ser precisa.

Pensou que debía substituír o fondo de pantalla. O que tiña, unha suxestiva marca de carmín vermello con forma de corazón, non lle parecía axeitado para unha mestra de escola consagrada ao ensino e á crianza. Aquecíalle unha imaxe cándida, tenra e candorosa. Desbotou as almacenadas na galería do móbil e revisou as que ofrece Google como resultado da procura «fondos de pantalla profesora». As máis delas, composicións de debuxos de mestras e cativos enfeitados con corazóns, lousas, xices, libros, cadernos, lúas, planetas... Case todas en tons pastel, lenes. Algunhas tan sinxelas coma unha mensaxe alegre e motivadora. Escrita en inglés, xaora, e con

caligrafía de trazos rimbombantes, para a facer máis categórica: *Teachers plant the seeds of knowledge that grow forever; Never stop learning because life never stops teaching; A teacher takes a hand, opens a mind and touches a heart; Because I am a teacher I dream big, I work hard, I don't let mistakes stop me...* Tardou un anaco en elixir. Finalmente escolleu unha imaxe dun libro cun caravel facendo as veces de marcapáxinas. En cor sepia agás polo caravel vermello. Unha imaxe fermosa, sen texto. Minimalista, como a ela lle gustan as cousas. Sempre a atraeu a combinación de fondo agrisado con algún matiz de cor intensa. Un reflexo, talvez, da súa actitude ante a vida, do seu modo de a ver, de a afrontar, buscando decote a cor entre o gris, a luz entre as sombras. Sempre lle agradou, asemade, a sinxeleza. E malia os tombos que a vida lle deu aínda conserva a esencia da meniña falangueira que corría cara a escola polos carreiros pintorescos de Nono, cunha trinca longa a lle brincar nas costas, provista dun lapis, un caderno, e moreas de soños.

Acurrunchouse entre as sabas brancas e a almofada baixa e mol na que a véspera espallara, premendo no botón dun dosificador de deseño, bruma con recendo a lavanda. Ficou na cama, aniñada en posición fetal, relaxada polo efecto calmante da fragancia, tentando gozar da espera. Durante aqueles intres de calma pasadía repasou mentalmente, unha vez máis, os puntos esenciais. Para non deixar flocos soltos, para convencerse a si mesma de que todo ía saír ben. Aquel repaso sería o derradeiro, non había tempo para máis. Levaba semanas, meses, organizando os acontecementos vindeiros, matinando, argallando, planificando cada intre, visualizando cada pormenor, cada detalle, anticipándose ás situacións, pro-

curando minimizar riscos, evitar erros. Fora unha tempada de longas quendas de traballo, de arranxos, de trasfega. Días esgotadores nos que unha mestura de sentimentos, exaltados pola ansia e a fatiga, daban en lle acudir á cabeza, todos a un tempo, atropeladamente: ledicia, anhelo, mais tamén pena, medo, inquedanza. Ora ría, ora choraba. Á veces, de súpeto, facíasele un nó no estómago que lle impedía comer, mesmo fartarse de ar, durante horas. Non era quen de termar dos nervios.

Devecía por se reencontrar con elas, por lles dar unha aperta. Primeiro, figurábase, daríalles unha conxunta, abranguendo ambas a un tempo, pois non ía ser quen de elixir. Logo, sosegadamente, cadansúa. Unha a Mamá, outra a Daniela. Apertas longas, con sentimento, desas nas que semella que o corazón medra, que os sentidos se agudizan para oír, para ulir, para acariñar mellor. Nas que as fazulas se adhíren ás de quen se está apreixando e xorde o desexo de parar o tempo, e o mundo, de ficar eternamente nese estado. Apertas que se tivésemos que debuxar habíamos enfeitar, coma os cativos, con corazóns, con estrelas, con raios de puro amor. Abrazos nos que tan só nos fundinos cos seres que amamos, parentes, achegados, amigos. Apreixos que Sumailla xa case non lembra porque dende os últimos transcorreron trece anos. Resúltalle doado contalos. Trece, a idade de Daniela.

San Miguel de Nono

Sumailla procurou, durante anos, non remover no pasado para non sufrir excesivas saudades. Con todo, algúns días séntese especialmente tristeira. Por seren chuviosos e neboentos, pola baixada de serotonina en cada ciclo menstrual, ou porque si, sen causa evidente á que lle achacar o pesadume. Neses días grises sofre as saudades en silencio para non amolar a ninguén. Con resignación, agardando que amaine a tempestade. Tampouco as datas sinaladas lle resultan levadías: o Nadal e a Noitevella, coa xente ao redor gozando das comedelas familiares, do ambiente festivo; o día de defuntos, sen ter tan sequera onde depositar unha flor, ou unha figuriña de pan; o 13 de agosto, cheo de festividades, e de lembranzas. O resto do ano vai soportando as horas, as xornadas e a vida que lle tocou en sorte grazas á esa aptitude, seguramente innata, que posúe para atopar luces nas tebras. Sen embargo, as últimas semanas non puido evitar rebulir nos sentimentos. Moreas de imaxes e lembranzas, cargadas de morriña, acudíanlle decote ao maxín.

As daquela mañá arredor das sete, acurrunchada entre as sabas lenes de algodón exipcio, eran especialmente colo-

ridas e fermosas. Semellaban unha sucesión de diapositivas proxectadas sobre un lenzo branco, a velocidade variable, en función da importancia das lembranzas evocadas. Unhas pasaban á présa, outras detíñanse, requirindo toda a atención para seren analizadas minuciosamente. Para impactar. Máis ou menos abraiantes, ningunha visión pasou desapercibida para Sumailla. Eran recordos reais rescatados da memoria. Imaxes tan nítidas que resultaba increíble que puidesen levar lustros sen ser desempoadas. Almacenadas nalgún andel onde se gardan as lembranzas que se queren preservar mais nas que non convén remexer a miúdo. Recordos dunha vida que hoxe sente tan afastada. Non tanto polo tempo transcorrido —trece anos non deixan de ser un suspiro—, nin polo océano de distancia. O que lle resultan doutra época, doutra vida, doutro mundo, son a inocencia e a candidez coas que percibía a realidade cando esas fotografías atravesaron a retina dos seus ollos para ficar gravadas para sempre nas mellores celas da memoria. Celas indelebles con capacidade abondo para almacenar a chea de sensacións e sentimentos intrinsecamente asociados a cada imaxe. Mesmo os olores e os sabores quedaron rexistrados, axudando agora a recrear cada vivencia.

Aquela mañá de xullo, aloumiñada pola suavidade do algodón e o arrecendo da lavanda, Sumailla puido visualizar con claridade as vellas casas da cabeceira parroquial. As paredes de adobe, os teitos de tella de barro, as xanelas de madeira, os pequenos balcóns, as fachadas, rosáceas, alaranxadas. Todas baixas, de dúas alturas como moito, e todas nas marxes da única vía principal do pobo, a que vai dende La Curva até

La Plaza. Lembrou as pequenas canellas transversais, pavimentadas de pedra, que conectan coa vía principal. Recordou con gratitude os anciáns sentados nos bancos da praza, ou en cadeiras dispostas nas beirarrúas, sempre protectores cos cativos, sempre aloumiñeiros, ataviados con sacos de la e chapeus distinguidos, tomando a fresca, vendo pasar a vida. Tan entrañables, tan sabios. Visualizou a pequena igrexa, coa planta en cruz e o retablo gótico, erixida no parque central. A escultura do picafior, presente no adro da igrexa, simbolizando a abundancia de colibrís na área. Lembrou o cemiterio. Tan sobrio e solitario nos días de diario, co seu muro branco, a cancela negra, o nichos grises. Unicamente o verde dos montes que hai derredor lle achega algo de cor. Tan engalanado e concorrido nos días de defuntos, o 2 de novembro, e os días previos e posteriores, cando os veciños acoden, provistos de bonecos de pan e coada morada, para honrar os seres queridos que tiveron que partir. Para sentirse, por un día, preto deles. Lembrou, xaora, a Papá.

Percorreu mentalmente, á présa pero con gran interese, os asentamentos da contorna: Alambi, Yanacocha, La Sierra e Monopungo, na cunca do río Alambi; Alaspungo no picouto da montaña; San Francisco, Pucará, San Martín... Lembrou as mediaugas, os ranchos, as vacas pacendo placidamente nos pastos verdes ou rumiando herba nas facendas, deitadas sobre fachuzos des palla. Entre as vacas algún xato saltarico aínda sen destetar, algún cabalo, algunha besta, algún can peguireiro. Contribuíndo, tamén eles, a lle outorgar a San Miguel de Nono ese aire de localidade de conto, coma se quedase detida no tempo, que tan ben lle acae. Na cordilleira

dos Andes ecuatorianos, no centro do mundo, a 2800 metros de altura, lonxe do bulicio. Preto do ceo.

Todo naquel val da marxe occidental do volcán Pichincha é colorido e rechamante: as fachadas das vivendas, as bolboretas madrugadoras, as aveláñas que trasnoitan, os colibrís a bater as ás en cada soleira, en cada recuncho. Os pastos verdes, as hortas de millo, de fabas, de tomates, de cebolas, de mellocos, de zapallos..., coas súas diferentes tonalidades segundo a estación do ano e a proximidade da colleita. As troitas e as ras nadando entre augas cristalinas. Mesmo as cores do arco da vella parecen en Nono máis nítidas ca en ningún outro lugar. Nunca máis foi capaz de distinguir as sete cores. No mundo de adultos no que está a vivir agora as cores semellan pelexar entre elas, turrando unhas coas outras para se deslucir no canto de se manter unidas e resplandecer conxuntamente. É por causa da sucidade e da polución no aire, mais tamén nas lentes a través das que se mira, polo que as cores do arco da vella perden brillantez.

Cóxegas no van

Rememorou os primeiros anos da súa vida, a primeira infancia, a etapa preescolar, e a escolar. Períodos transcendentais no desenvolvemento das persoas. Tempos nos que Sumailla recibiu afecto, ensinanzas e o apoio precisos para que algún día puidese ver realizadas as ideas e cumpridos os soños e anhelos que daquela ía forxando. Adaptacións infantís dos soños de Papá. E coma as protagonistas dos contos ela había contribuír, con heroicidade e valentía, ao triunfo dos bos. Aínda hoxe valora e agradece os cimentos da personalidade sobre os que se sustenta canto lle foi acontecendo no devir da vida. Sen eles, cre, máis dunha vez se tería derrubado. Foron os anos máis felices, aqueles nos que Papá aínda vivía con elas, antes de que tivese que partir para o ceo.

A casa na que vivían era pequena, apenas 50 metros cadrados que se repartían entre un dormitorio, un cuarto de baño e o «resto». A vivenda contaba, ademais, cun rocho ateigado de cachifallos e cunha solaina na que abundaban as xardineiras con plantas –unhas decorativas, outras medicinais– e o aire que respirar. Mamá e Papá, herdeiros de tantos antepasados andinos que lles transmitiron o coñe-

cemento sobre o poder de curación da natureza, atopaban naquelas xardineiras remedios para os males e aderezo para os pratos. Coa áloe curaban as queimaduras, coa macela as inflamacións, coa uña de gato mitigaban as dores da reuma, con infusións de valeriana o insomnio... Na alcoba durmían os catro; Mamá e Papá na cama dobre, Sumailla nun catre, a carón da cama de matrimonio, e Pulgas nos pés de Sumailla, ou nos de Papá, feito un nobelo. Pulgas non era fácil de subornar, pero a base de lambetadas e mexericadas, a por de lle rañar a barriga e acariñar as orellas, de cando en vez conseguía Sumailla que o mico se decantase por ela.

O «resto» servía para todo. Alí cociñaba Mamá, nun fogón de gas con moito uso pero relucente coma o primeiro día. A mesa na que comían, enfeitada con manteis e panos coloridos, cosidos a man e adobiados con bordados de gancho, facía tamén as veces de escritorio onde Sumailla estudaba, debuxaba, ou xogaba ás mestras coas bonecas dispostas derredor, sentadas nas banquetas. Procuraba que ningunha boneca quedase illada, que todas puidesen participar na clase, ou na asemblea que estivesen a celebrar. De cando en vez Mamá facía uso da mesa para realizar tarefas administrativas: sumaba as facturas que gardaba coidadosamente nun cartafol, ordenadas por fecha e coa data e o importe subliñados cun rotulador amarelo; revisaba, liña por liña, os apuntamentos do caderno do banco; actualizaba unha listaxe de necesidades, anotadas nun caderno de tapas roídas e follas amareladas, cuxa realización precisaba dunha parte do orzamento doméstico. Na casa reitoral, onde se criou, ensináronlle as artes necesarias para levar minuciosamente a contabilidade dun fogar. A lista

de necesidades medraba por abaixo sen casemente diminuír por enriba. Poucos obxectivos cumpridos se podía dar o gusto de riscar en cada revisión. Pero non se amargaba, aceptaba as circunstancias con paciencia e resignación. Tamén iso llo aprenderan na casa reitoral.

Ás noites, despois de cear, arreconchábanse os catro no sofá de tres prazas. Sumailla no medio, entre Mamá e Papá; Pulgas a roncxear no repousabrazos, refregando a cabeza contra as costas de Papá. Era o seu xeito de lle demandar carantoñas, de pedir que lle acariñase o lombo. Mesmo se estomballaba patas arriba para que lle rañase a barriga. Sería en sinal de gratitude, polo traer á casa unha noite de inverno logo de o rescatar dunha matogueira, esfameado, enchoupado, e cheo de pulgas –velaí o porqué do nome–. Era tan pequeno que pasou varias noites durmindo nunha pantufla, na cociña, miañando por compañía. Mamá opúñase a que entrase no cuarto. Non lle chistaba a idea de ter un gato. Tan pronto ventou en Papá e Sumailla a intención de quedar con el, achacou cantos pretextos se lle ocorreron co fin de os disuadir. Mais eles, xuntando forzas, retrucaron cada escusa. Tanto porfiaron que acabou por acceder.

A pesar das reducidas dimensións e dos moricos de pelo que soltaba Pulgas, a casa estaba sempre limpa e aquela. Mamá pasaba horas limpando e trasfegando para que todo estivese reluciente e no seu sitio. Nas casas pequenas, dicía, non hai espazo para a desorde.

Sumailla madrugaba todos os días para almorzar con Papá. Bebían coada de avea con leite que Mamá preparaba ao romper o día. Cadansúa cunca, ou dúas, cando o almorzo

se alongaba. Tomábana espesa e morna, como lle gustaba a el. Como lles gustaba aos dous, pois a Sumailla gustáballe sempre o mesmo que a Papá. Comían pan de iuca e plátanos; unhas veces crus, outras fritos, ou en tortilla de verde con queixo. Parolaban sobre isto e aquilo. Papá contáballe anécdotas da facenda, faláballe dos xatos recentemente nados, das sementeiras, das colleitas, dos paxaros. Xogaban a predicir, segundo a cor das nubes, a altura, a forma, e os ventos procedentes do volcán Pichincha, se o día ía ser fresco ou morno, húmido ou seco, de choiva ou soleado. A Sumailla fascináballe a habelencia de Papá nas cuestións meteorolóxicas. En realidade fascináballe a habelencia de Papá en todas as cuestión. Seguramente daquela, se tivese que elixir e soubese da existencia da profesión, preferiría ser meteoróloga antes que mestra. Ela contáballe cousas da escola. Íalle detallando, día tras día, semana tras semana e curso tras curso, o aprendido (letras, números, operacións aritméticas, palabras en inglés, países, capitais, regras ortográficas, acontecementos históricos...) e aseguráballe, chea de ilusión, que algún día sería ela a mestra que ensinase os coñecementos que estaba a adquirir na escola xunto con aqueloutros que el lle transmitía no fogar. Coñecementos esenciais na vida dos pobos indíxenas que antes lle transmitirán a el, e antes aos seus antepasados.

Ás veces, nas noites curtas e abafadizas de verán, Papá erguíase canso, sen se faltar de durmir, e tiña pouca gana de falar. Daquela comían calados, gozando do silencio e desapaiz tan particular e pracenteira da mañanciña. Gozando da compañía silandeira. Papá e Sumailla parecían ter a capacidade de comunicarse sen verbas. Ao termo do almorzo el

marchaba rúa arriba, co macuto ao lombo, cara a facenda de don Víctor, en Monopungo, onde traballaba de braceiro. Non regresaba até o anoitecer.

Algúns días, á noitiña, Sumailla albiscaba a silueta de Papá entre as sombras do luscofusco, baixando a costa que o traía de regreso ao fogar, e facíalle un aceno dende a fiestra. El respondíalle cun xesto, erguendo os brazos e xuntando as puntas dos dedos índices, e as dos polgares, de xeito que formasen un círculo pechado, cuxo significado, sabido polo dous, era que ao chegar onda ela lle ía facer unha chea de cóxegas. Sumailla empezaba a sentir, dende lonxe, as cóxegas no van, os bicos nas meixelas, e a ledicia no peito.

A partida de Papá

Unha mañá, aparentemente coma calquera outra, sen que nada fixese presaxiar que fose ser diferente, Papá partiu para endexamais regresar. Un bico de despedida a Mamá. Bulindo, coma sempre, case roubado mentres ela trasfegaba na lacena. Algúns máis, e unha aperta forte, a Sumailla, quen con 12 anos e peso lixeiro aínda se lle colgaba acotío do pescozo para que a alzase en brazos.

A media mañá –non cabe marxe de erro na hora porque viña de rematar o recreo das 11:00–, dúas veciñas presentáronse na escola para recoller a Sumailla. Cando a mestra a sacou da clase estas explicáronlle, nerviosamente e con voz crebada, que Papá, estando a traballar na facenda, sufrira un accidente no que resultara, desgraciadamente, ferido de gravidade. Contáronlle que Mamá se atopaba de camiño a Quito para acompañalo no hospital e que, mentres tanto, debía ficar onda elas á espera de novas que, pregaban encarecidamente a Deus e á Virxe do Camiño de Alambi, fosen boas.

As novas chegaron ao cabo dunhas horas que semellaron días. Foron malas. As peores. Nada se puido facer pola vida de Papá. O centro de saúde de Nono, por ser de primeiro

nivel, carecía dos medios para realizar a intervención cirúrxica que os sanitarios determinaron que precisaba. Derivárono a un hospital de Quito que por desgraza resultou estar demasiado lonxe. Durante o traxecto perdeu moito sangue e para cando chegaron aló os doutores non puideron facer outra cousa que certificar o falecemento dun varón de 35 anos por un shock hipovolémico intenso causado por hemorraxia interna. Mamá, pola súa banda, non puido facer máis que reprimir bágoas, para non importunar os servidores públicos que estaban a facer o seu traballo, e asinar os documentos necesarios para acreditar a súa conformidade co infortunio. Don Víctor, o patrón, xunto con outro peón que se atopaba preto de Papá no momento do accidente, foron interrogados polas autoridades competentes e responsables de esclarecer o acontecido. Nunca se esclareceu.

Mamá, que se erguera aquela mañá sendo unha muller casada, nai de familia e feliz á súa maneira, regresou de Quito oficialmente viúva e desamparada. Estivo acompañada en todo momento por don Víctor, quen fixo cando estaba nas súas mans pola reconfortar. Quixo estar presente, incluso, no momento en que esta, sacando folgos de onde puido, lle comunicou á súa filla a peor das novas que podía recibir. Foi así, de súpeto, sen aviso previo nin tempo para se afacer, como a Sumailla se lle esborrallou o mundo á idade de 12 anos. Da mañá para a noite. Abruptamente. Foi tan grande a sacudida que a vida lle deu aquel fatídico día que aínda hoxe, nos momentos de tristura, lle parece sentir o abaneo.

Os trinta minutos que durou o recreo aquela tráxica mañá constitúen o período de tempo que separa o antes e o

despois na vida de Sumailla. A vida con e sen Papá. A vida chea de cor e a vida mormente gris. Foi o derradeiro recreo no que tivo ocasión de gozar dos xogos e das lérias cos demais nenos confiada en que Papá chegaría á casa á noitiña, coma sempre; que lle podería narrar calquera acontecemento, bo ou malo, que durante o día se producise; que tamén el lle había contar como lle fora a xeira. O timbre que premeu o conserxe para indicar que debían regresar á aula anunciou aquel día para Sumailla, no máis estrito dos sentidos, o final do tempo de lecer e esparexemento. Dende aquela detestou o son que anunciaba o final do recreo na humilde escola da cabeceira parroquial. Tamén o que sinalaba o comezo. Non aturaba o recreo porque a pausa na lección deixáballo tempo libre para as malas acordanzas.

Secasí, incomprendiblemente para Sumailla, a vida en Nono continuou sen Papá. O ceo permaneceu luminoso, azul celeste. Ao chegar a noite, nin a lúa deixou de brillar nin as estrelas de relucir en sinal de dó. Ao día seguinte ao pasamento, ben cedo, pasou a camioneta que ía recoller o leite á facenda. Oíu o abatanar dos bidóns baleiros contra as baldas do remolque. Bidóns que alguén se encargaría de encher co derradeiro leite muxido por Papá. O sol saíu ao rompente, polo leste, coma en cada amencer. Os mestres, na escola, continuaron coa lección da véspera, que volvería ser interrompida polo son encargado de anunciar o recreo. Nas rúas a xente seguía a mercar, a vender, a falar, a rir. As campás da igrexa continuaron dando as badaladas. Os colibrís non deixaron de cantar, nin os nenos de brincar polos recantos. Mesmo Mamá, após falarlle a Sumailla da necesidade de aceptar o

fado e a vontade de Deus, logo de asegurarlle que dende o ceo Papá había velar por elas, insistiu na urxencia de seguir cara adiante. Coma se tivesen escolla. Coma se barallasen máis opcións que a de seguir cara adiante e puidesen elixir recuar. Tan só Pulgas parecía actuar acorde ao sucedido. Desganado, pasaba horas deitado debaixo da cama, apoucado, sen apenas miañar. Sen gana de comer, nin de mexericadas. Tan sequera acicalaba o pelo, que sempre se obstinara en lustrar até deixalo coma unha patena. Se o obrigaban a saír, axiña buscaba outro lugar no que se agachar.

Mamá, retraída, de poucas falas e temperamento adusto, polo menos dende que Sumailla ten lembranzas –seica non sempre fora así–, optou por vivir o dó para si e levar o loito ao seu modo. Aceptando a desventura con resignación; acatando, como boa cristiá, a vontade de Deus. Calada, senlleira. Inhibindo a dor. Reprimindo as bágoas. Silenciando os laios. Desbotando a mor parte dos ofrecementos de consolo e de compañía que amigos, coñecidos, veciños e parentes lle brindaban decotío.

Emporiso, Sumailla sabía que Mamá, coma ela mesma, coma Pulgas, había atopar un inmenso baleiro cando procurase, en van, o acubillo de Papá. Os seus brazos fortes arrodeando os ombreiros –ou a man rañando a barriga e o lombo se quen procuraba o acubillo era Pulgas–; as súas palabras sabias murmuradas preto da fazula –ou dos bigotes–; o seu ollar tranquilo irradiando calma e sosego; o reconforto da súa simple presenza. Co tempo fóronse desavezando de o buscar mais Sumailla nunca esqueceu aquela pracenteira sensación de amparo. Aínda hoxe lle parece sentir, en momentos

puntuais, as mans fortes de Papá curando con calor e fregas as feridas e os croques que non son quen de sandar as menciñas.

Sumailla seguiu madrugando cada mañá. Madrugaba porque estaba afeita a madrugar aínda que nada se lle perdía estando esperta. Alén das lembranzas. Seguiu almorzando coada de avea con leite –unha cunca, xa nunca repetía– pan de iuca, e plátanos verdes crus. Comía pouco e con desgana, turrando, día tras día, cun nó que lle oprimía a boca do estómago, dificultando a inxestión duns alimentos que, sabía, precisaba para encarar o día, e a vida. Non volveu almorzar tortilla de verde. Coma Pulgas, pasaba horas sen facer nada, sentada nas escaleiras ou apoiada nas varandas da solaina para fartarse de alento, ensimesmada nos pensamentos, maldicindo mentalmente as plantas medicinais que medraban nas mace-tas por non servir ningunha delas para acalmar as penas. Tan só a valeriana lle axudaba un chisco a prender no sono polas noites. Secasí, non evitaba os pesadelos recorrentes que a atormentaban decote, aqueles nos que Mamá tampouco estaba, e ela, senlleira, deambulaba confusa por un mundo escuro e nebuloso sen saber cara a onde ir, sen unha luz que a guiase. En contadas ocasións, en vez de pesadelos tivo soños alegres, fermosos, nos que camiñaba da man de Papá. Soños cheos de luz e de cor. A tristura, entón, sentíaa ao acordar do soño.

Ás veces, á noitiña, cegada polo crepúsculo, parecíalle albiscar a silueta de Papá regresando á casa, camiñando rúa abaixo, con aquel seu andar inconfundible. Co macuto ao lombo, co sorriso na cara, facéndolle acenos dende lonxe. Sabía que eran figuracións porque non sentía as cóxegas no van, nin a ledicia no peito.